

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000024.

Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta en funcións do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **extraordinaria e urxente** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por que terá lugar no Telemática o vindeiro **martes día 13 de xuño de 2023, ás 09:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

FOMENTO

2. APROBACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DO CIRCO ROMANO, ELECTRICIDADE, TEATRO E SEGURIDADE NO ARDE LUCUS 2023.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA SAÍDA DE DEPÓSITOS DE ALMACENAMENTO, REDE DE DISTRIBUCIÓN, BILLA "GRIFO" DO USUARIO, FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO, ASÍ COMO CONTROL SANITARIO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. EXP. REF. 2019-074. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE 26.06.2023 A 25.06.24 E MODIFICACIÓN IMPREVISTA. (TECOL: 2022/C003/000013).

4. CONTRATACIÓN DA REPRESENTACIÓN DO CIRCO ROMANO EN ARDE LUCUS 2023. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3279566067015529416.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 13-6-2023

PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. EXPTE REF. 2023/C005/000005.

5. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA PEDAGÓXICO DE APOIO Á CONCILIACION “APRENDE XOGANDO” DO CONCELLO DE LUGO (CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE - SERVIZO DE IGUALDADE) EXPTE REF. 2023/C003/000011. DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO POR ERRO NA CONFECCIÓN DO ESTUDO DE CUSTOS.

6. CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIMEN DE ALUGUEIRO PARA A INSTALACIÓN DUN CAMAPAMENTO ROMANO E A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA FESTAS DO ARDE LUCUS 2023 NA PRAZA MAIOR. EXP. REF. 2023/C004/000010. ADXUDICACIÓN.

7. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DO GRUPO CÉLTICA NO ARDE LUCUS 2023. ADXUDICACIÓN. EXPTE REF. 2023/C005/000004.

8. CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE. REF. 2023/C003/000015. ADXUDICACIÓN DO LOTE 1: DESBROCE EN PISTAS DE PARROQUIAS NA ZONA NORTE E ESTE.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Xustifícase o carácter extraordinario da sesión na necesidade perentoria de tratar os asuntos que figuran na orde do día.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario en funcións, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta en funcións,